



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Organización Xunta de Goberno Local e nomeamento tenentes alcalde*

#### ANUNCIO

**EXPEDIENTE:** 2023/G002/000001

Por resolución ditada en data 11 de setembro de 2024, Decreto nº 359/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

**PRIMEIRO.-** Nomear membros da Xunta de Goberno Local (que estará presidida por quen ostente a Alcaldía en cada intre) aos/ás seguintes Señores Concelleiros/as:

- 1.- Dona Susana Guimarey García.
- 2.- Dona Rocío Rabuñal Bouzas
- 3.- Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua
- 4.- Dona Natalia Patiño Cañás

A Xunta de Goberno Local realizará sesións ordinarias en semanas alternas, xoves en horario de mañá que será concretado en cada convocatoria. En caso de que o día sinalado sexa inhábil poderá realizarse a sesión correspondente no día anterior ou posterior hábil.

Corresponden á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente a este Alcalde no exercicio das súas funcións, as seguintes atribucións delegadas pola Alcaldía:

- a).- Aprobación, disposición do gasto e recoñecemento das obrigas, dentro dos límites da atribución orixinaria da Alcaldía
- b).- Aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- c).- Outorgamento de licenzas e autorizacións, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente a outro órgano, e toma de razón de comunicacións previas e declaracións responsables. Liquidación de tributos e outros ingresos derivados de licenzas e autorizacións que se outorguen pola Xunta de Goberno Local e, no seu caso, das tomas de razón indicadas.
- d).- Solicitude de achegas económicas a outras Administracións Públicas, agás que nas bases correspondentes se atribúa a outro órgano.
- e).- Aprobación das bases de subvencións e axudas convocadas polo Concello e resolución da súa concesión.

Porén, a Alcaldía resérvase a posibilidade de advogar en calquera intre as atribucións delegadas, segundo os artigos 116 ROF e 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico destas delegacións será o previsto nos artigos 114 a 118 ROF.

**SEGUNDO.-** Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as, coa orde de nomeamento que se indica:

- 1º.-Dona Susana Guimarey García.
- 2º.-Dona Rocío Rabuñal Bouzas
- 3º.- Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

**CUARTO.**-Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF.

Concello de Carral, 30 de agosto de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/6382